

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Acordo plenario - retribucións cargos políticos

ANUNCIO

Con data de 29 de xullo de 2019 o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo que se transcribe e que se procede á súa publicación para xeral coñecemento:

“Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo en relación ao pagamento con efecto retroactivo da dedicación exclusiva do Concelleiro delegado de Obras e Servizos, e de Seguridade Cidadanía e Tráfico.

Segundo.- As retribucións polo desempeño con dedicación exclusiva dos postos da Alcaldía, do Concelleiro delegado de Obras e Servizos, e de Seguridade Cidadanía e Tráfico, e da Concellería de cultura, olería, igualdade e patrimonio serán as seguintes:

2.1.- A retribución do posto de Alcaldía polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 38.000 euros brutos anuais, distribuídos en doce mensualidades de 2.714,29 euros e dúas pagas extras de 2.714,29 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro.

2.2.- A retribución do posto de Concellería de turismo, seguridade, tráfico, servizos e agro polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 36.000 euros brutos anuais, distribuídos en doce mensualidades de 2.571,43 euros e dúas pagas extras de 2.571,43 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro

2.3.- A retribución do posto de Concellería de cultura, olería, igualdade e patrimonio polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 36.000 euros brutos anuais, distribuídos en doce mensualidades de 2.571,43 euros e dúas pagas extras de 2.571,43 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro

O alcalde-presidente será dado de alta no correspondente código de conta de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos económicos e data de alta no referido réxime dende o 15 de xuño de 2019, data da súa toma de posesión no cargo.

No caso do concelleiro delegado de turismo, seguridade, tráfico, servizos e agro será dado de alta no correspondente código de conta de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos económicos e data de alta no referido réxime, dende o 15 de xuño de 2019.

No caso da concelleira delegada de cultura, olería, igualdade e patrimonio será dado de alta no correspondente código de conta de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos económicos e data de alta no referido réxime dende o 1 de setembro de 2019, data na cal a concelleira fará a aceptación expresa a que se refire o artigo 13.4 ROF.

Terceiro.- Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva o parcial perciban en concepto de asistencias por concorrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:

- Plenos: 90 euros/sesión
- Xuntas de Goberno Local: 90 euros/sesión
- Comisións Informativas: 90 euros/sesión
- Dietas en desprazamentos/quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Economía e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro ou norma que no futuro a substitúa”.

Malpica 23 de outubro de 2019

O Alcalde

Walter Pardo Añón



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Fin do abono/percepción das retribucións correspondentes ao desempeño do cargo da Concellería delegada de Turismo, Seguridade, Tráfico, Servizos e Agro polo Sr. Cañizo Garrido

Polo presente, en cumprimento do disposto no art. art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que con data 13 de agosto de 2021, foi ditada a Resolución da Alcaldía 411/2021, que seguidamente se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: FIN DO ABONO/PERCEPCIÓN DAS RETRIBUCIÓN S CORRESPONDENTES AO DESEMPEÑO DO CARGO DA CONCE-LLERÍA DELEGADA DE Turismo, Seguridade, Tráfico, Servizos e Agro POLO SR. CAÑIZO GARRIDO

EXPEDIENTE: 2021/X999/000323

Visto que en virtude da Resolución desta Alcaldía 403/2019, de data 23 de xullo 2019, se nomeou Concelleiro delegado de Turismo, Seguridade, Tráfico, Servizos e Agro a D. Alfredo Cañizo Garrido, sendo aceptada a citada delegación en data 29 de xullo de 2019.

Visto que en virtude de acordo plenario de data 29 de xullo de 2019 se determinou que a Concellaría de Turismo, Seguridade, Tráfico, Servizos e Agro fose desempeñada en réxime de dedicación exclusiva, fixándose unha retribución bruta anual de 36.000 euros, distribuída en doce mensualidades de 2.571,43 euros e dúas pagas extras de 2.571,43 euros.

Visto que no día de onte o concelleiro delegado Sr. Cañizo Garrido presenta un escrito no que, cita literal: ".../solicita .../ se teña por formalizada en debida forma a miña renuncia expresa ás competencias delegadas que ostento ata o día de hoxe.../".

Visto que o art. 120 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que: "*Pérdese a condición de Concelleiro-Delegado ou de Deputado-Delegado:*

a) Por renuncia expresa, que haberá de ser formalizada por escrito ante a alcaldía ou Presidencia.../".

Visto que de conformidade co art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local "*Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.../".*

Visto, pois, que a renuncia presentada polo concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, supón a perda da condición de concelleiro delegado e en consecuencia dos dereitos inherentes ao cargo, entre eles as retribucións correspondentes á dedicación exclusiva, é polo que de conformidade coa normativa anteriormente exposta e uso das competencias que me atribúe o art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Que se poña fin, con efectos do día 11 de agosto de 2021, ao abono/percepción das retribucións correspondentes ao desempeño do cargo da Concellaría de Turismo, Seguridade, Tráfico, Servizos e Agro, en réxime de dedicación exclusiva, polo Sr. Cañizo Garrido.

Segundo: Que se realicen os trámites oportunos ante a Seguridade Social derivados do acordado no parágrafo anterior.

Terceiro: Notificar a presente ao interesado, Sr. Cañizo Garrido, concelleiro.

Cuarto: Dar traslado da presente aos servizos económicos do Concello e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro,

de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, Walter Pardo Añón, do que eu, M^a Loreto López Fernández, como Secretaria, e aos únicos efectos de fe pública (RD 128/2018, do 16 de marzo) dou fe.

Malpica de Bergantiños, a 16 de agosto de 2021

O alcalde,

Walter Pardo Añón

2021/6339



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS E RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

Polo presente, en cumprimento do disposto no artigo 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise publico que o pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, na sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Considerando que o art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, reconece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando teñan dedicación exclusiva ou parcial aos mesmos, sendo dados de alta no réxime xeral da seguridade social e asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Considerando o volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza nesta Corporación faise necesario, para o seu axeitado seguimento e atención específica, que diversos membros do goberno desempeñen o seu cargo, alcaldía e concellarías delegadas, en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Visto o acordo adoptado polo pleno, en sesión de data 29 de xullo de 2019, no que se procedeu ao establecemento das dedicacións, fixación das retribucións e asistencias aos órganos colexiados dos membros desta Corporación.

Considerando que neste momento é conveniente e necesario modificar a organización municipal, en concreto, as competencias que poden ser delegadas pola Alcaldía nas distintas Concellarías, así como o réxime de dedicación da alcaldía e os restantes cargos con dedicación, procede modificar o acordo adoptado, no seu día, polo pleno do Concello, no que atinxe ao réxime de dedicacións e retribucións dos membros da Corporación.

Considerando, pois, os fundamentos anteriormente expostos e visto o establecido no artigos 75, 75 bis) e 75 ter) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro. Modificar o acordo plenario de data 29 de xullo de 2019, respecto a determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación, exclusiva e parcial, e retribucións correspondentes, establecendo o seguinte réxime de dedicacións e retribucións:

1.- Cargo a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva o seguinte cargo da Corporación, cos dereitos e obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual que a continuación se indica:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (14 pagas: 12 mensuais e 2 nos meses xuño e decembro)
Concellaría delegada de Servizos, Seguridade cidadá, Tráfico, Medio Rural, Mar, Turismo e Festexos	36.000,00 €

2.- Cargos a desempeñar en réxime de dedicación parcial

Desempeñaranse en réxime de dedicación parcial os seguintes cargos da Corporación, cos dereitos e obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual que a continuación se indica:

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (14 pagas: 12 mensuais e 2 nos meses xuño e decembro)
Alcaldía	34.200,00 €
Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería	18.000,00 €
Concellaría delegada de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes	18.000,00 €

2.- Que a retribución bruta anual da Alcaldía, a desempeñar en réxime de dedicación parcial ao 90%, sexa proporcional ao número de horas de dedicación efectiva tomando como referencia trinta e sete horas e media, polo que se establece unha dedicación mínima de trinta e tres horas e corenta e cinco minutos semanais.

3.- Que a retribución bruta anual da Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería e Concellaría delegada de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes, a desempeñar ambas en réxime de dedicación parcial ao 50%, sexa proporcional ao número de horas de dedicación efectiva tomando como referencia trinta e sete horas e media, polo que se establece unha dedicación mínima de dezaioito horas e corenta e cinco minutos semanais.

4.- A retribución bruta anual en ambos casos (dedicación exclusiva e dedicacións parciais) esta dividida en catorce (14) pagas: doce (12) ordinarias e dúas (2) extraordinarias de igual contía, a percibir estas últimas nos meses de xuño e decembro.

Segundo.- Que os membros da Corporación que vaian desenvolver os seu cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial sexan dados de alta no réxime xeral da seguridade social.

Terceiro.- Que o presente acordo produza efectos desde o día seguinte a súa adopción, non obstante e de conformidade co art. 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

a percepción das correspondentes retribucións se requirirá a previa aceptación, no prazo de tres días, do réxime de dedicación a cuxos efectos o presente deberá ser notificado ao Sr. Parga Veiga, ao Sr. Cañizo Garrido, á Sra. Blanco Gorín e á Sra. Freijeiro Novo.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

**En Malpica de Bergantiños asinado dixitalmente
O alcalde,**

Eduardo J. Parga Veiga

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).